


A memoria histórica sentimental

Narrativa Rexina Vega constrúe un discurso ambiguo sobre o pasado

Reflexionouse a partir de *Cardume* –obra merecedora do Premio Xerais de Novela 2007 e primeiro relato de Rexina Vega (Vigo, 1966)– sobre o que era ou non unha “novela de/around da memoria histórica”. Crítica, prensa e mesmo autora sinalaron a guerra e o franquismo como contextos sen que o principal obxecto da obra fose retratalos, senón achegarse á historia familiar. Mais semella difícil separar unha cousa da outra.

A novela nárrea en pasado unha “neta” que ten nesta categoría familiar o seu único papel se non queremos confundila coa autora. Amparándose na memoria dos obxectos e dos demais membros desa familia, constrúe un discurso sobre o século XX vigués e sobre cómo as persoas se ven arrastradas pola Historia. Un discurso do que se vai apoderando a decadencia –o Vigo que puido ser e non foi–, e que tende a converter os avatares das personaxes en vidas representativas e no que case que enche de herdanzas xerais a Urbano Moledo –personaxe no que recupera para a memoria antifascista o seu tío avó–, un galeguista e dramaturgo ao que o levantamento militar non permitiu estreir na cidade a súa obra máis ambiciosa, que estivo preso na Illa de San Simón e ao que fusilaron a finais de 1936.

A autora ten sinalado que emprendeu a tarefa de construír un relato de ficción a partir da recuperación desa obra que o dramaturgo non puido estreir e que formaba parte do arquivo da súa acusación. A través do seu traballo escénico a autora imaxina “un teatro de denuncia dura, unha brétema celta ategada de feiticeiras e druídas”. En *Cardume* danse lecturas diversas da figura de Moledo. Cae Vega na esquematización e nun certo maltrato do personaxe, por exemplo, cando pon en voz da narradora sentenzas coma que “pensa sempre en branco e negro, coma un adoles-



Paredón onde foron asasinados moitos represaliados galegos do franquismo. // Arquivo

cente. Precisa dividir o mundo, xebrar claramente a palla do gran, os ruíns dos xenerosos, cada un nunha leira choída, sen fisuras. Hai xente así fanática, crente. Fai falta moita fe para crer, como cre Urbano, que o mundo é maioría anxélica sometida por unha fileira de cans de presa”.

Se cadra, a profundidade dáse na obra da man das personaxes femininas, da bisavoa que o vai perdendo todo, da avoa que vinga mortos soltando flores agochadas debaixo da saia no cemiterio de Pereiró e marchando a correr logo dun “Viva a República!”, e sobre todo de Fasito. Un home cheo de ausencias no que quere retratar a difícil industrialización do que chama o “Vigo-British”, o pregamento ao ditado cultural de Madrid e a ascensión e caída dun emigrante en Newark.

Con Fasito constrúe Vega as imaxes máis potentes e estrañas do seu banco de peixes. O personaxe

é un gigoló que sabe moitas músicas, crítico de espectáculos nos xornais, pequeno empresario que merca a primeira incubadora industrial viguesa, que soña tortillas para os obreiros onde só hai ovos estragados e, finalmente, emigrante de primeira clase que embarca sen saber ben do que fuxía, un 25 de abril de 1936 no transatlántico da Mala Real Inglesa, na procura do soño americano. Un soño que remata por se converter en vivir para traballar e traballar para vivir, un home con nó no estómago que pasará á historia familiar coma unha figura recortada nunha cidade obreira de New Jersey.

Cardume opera no que o escritor sevillano Isaac Rosa –quen investiga nas súas propias novelas cómo se construíu a chamada memoria histórica, a memoria colectiva, a través da ficción– sinala en *El vano ayer* coma “unha memoria

sentimental antes ca ideolóxica”. Rexina Vega constrúe un discurso ambiguo condimentado cun anecdotario máis ou menos traxicómico por veces, que nos obriga a preguntarnos cal é a ideoloxía da memoria sentimental. A autora ten sinalado que a súa intención era “prolongar un pouco máis a permanencia, atrasar o devalo destas vidas menores”, porén a grande potencia desta obra é que nos obriga –se cadra de xeito involuntario– a repensarmos cómo se constrúe a ficción no posfranquismo e a tentar evidenciar qué se agocha detrás dela. // **Xiana Arias Rego**

Cardume · Rexina Vega ·
Xerais, 2007 ·
192 páx · 15 euros

